



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Telf.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DE CHAMAMENTOS

1. NORMAS XERAIS

1.1. Órgano competente

A xestión dos chamamentos das persoas aspirantes será levada a cabo pola División de Recursos Humanos da CRTVG, logo de determinación por esta das necesidades de contratación.

1.2. Orde de chamamentos

Os chamamentos efectuaranse seguindo rigorosamente a orde de puntuación acreditada polas persoas integrantes das listaxes de contratación elaboradas ao efecto, sen prexuízo dos supostos de suspensión e as disposicións especiais previstas neste procedemento.

Os chamamentos para contratacóns urxentes realizaranse seguindo o orde da lista e respectando a dispoñibilidade para chamamentos urxentes manifestada polos integrantes das listas.

Os chamamentos para contratacóns nas delegacións realizaranse seguindo o orde da lista e respectando a dispoñibilidade xeográfica manifestada polos integrantes das listas.

No caso excepcional de que non houbera voluntarios para contratacóns urxentes ou para contratacóns nalgunha delegación, así como no caso de que as listas de voluntarios se esgotaran, efectuaranse os chamamentos pola orde da lista sen ter en conta as dispoñibilidades manifestadas.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

1.3. Tipo de chamamentos

- a) Son chamamentos de **LONGA DURACIÓN**, de acordo co establecido no artigo 26.1.3 do convenio colectivo, os realizados para contratos de duración inicial previsible igual ou superior a **SEIS MESES**, e ofertaranse, en todo caso, ás persoas que acrediten a maior puntuación nas listas que correspondan, con independencia de que aquelas se atopen contratadas, ao tempo do chamamento, por outro contrato, sempre que o mesmo sexa de curta duración.
- b) Son chamamentos de **CURTA DURACIÓN**, a sensu contrario, os realizados para contratos de duración inferior a seis meses.

Os chamamentos para contratos de curta duración poderán ser **URXENTES** ou **NON URXENTES**.

- Son **CHAMAMENTOS URXENTES** os feitos para a formalización de contratos de curta duración que necesitan cubrirse antes de 24 horas.

Estes chamamentos requirirán un informe do solicitante da contratación no que se indiquen os motivos e as necesidades que xustifican a urxencia da contratación.

- Son **CHAMAMENTOS NON URXENTES** os feitos para a formalización de contratos de curta duración que non necesitan cubrirse antes de 24 horas.

1.4. Realización e aceptación do chamamento

O chamamento das persoas aspirantes realizarase mediante comunicación telefónica rexistrada que deixará constancia da data e horas nas que se efectúa, o obxecto da chamada así como a identidade da persoa que realiza esta.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Telf.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

Cando un aspirante non responda aos chamamentos realizados telefónicamente, enviaráselle un SMS ou correo electrónico para que quede constancia desta circunstancia e xustifique, no seu caso, a non contestación.

No rexistro de chamadas, a persoa que efectúe o chamamento fará constar a identidade da persoa receptora da chamada, de ser distinta da persoa aspirante.

Nas contratacóns de curta duración e carácter urxente efectuaranse dúas chamadas cun intervalo de media hora, en calquera momento do día. Se realizadas estas non se tivese contactado coa persoa aspirante, poderán seguirse os chamamentos pola orde correspondente.

Nos restantes chamamentos efectuaranse un mínimo de tres chamadas en quendas e días distintos. A realización das ditas chamadas sen que fora posible a localización da persoa aspirante habilitará para continuar os chamamentos pola orde correspondente.

A non contestación inxustificada das chamadas considerárase como un rexeitamento de contrato.

Con carácter xeral, a persoa aspirante localizada deberá comunicar a aceptación do contrato proposto no momento do chamamento, agás en supostos excepcionais en que, de acordo cos criterios que se establezan na Comisión de Listaxes e sempre que medie un prazo de antelación suficiente ao inicio da vinculación, o dito prazo poida ser ampliado.

A falta de confirmación pola persoa aspirante nos prazos indicados así como o rexeitamento ao contrato proposto, sen causa xustificada, penalizarase nos termos dispostos no punto 2.1 deste pacto.

Os teléfonos que figuren no expediente persoal consideraranse os únicos válidos para efectos de chamamentos, sendo responsabilidade exclusiva da persoa solicitante os errores na comunicación destes á división de recursos humanos. Así mesmo, as persoas



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

integrantes nas listas deberán comunicar á división de recursos humanos calquera cambio que se produza nos ditos datos.

1.5. Suspensión de chamamentos

1.5.1. Causas

Procederá a suspensión de chamamentos, por petición da persoa interesada e sen penalización, nos seguintes supostos:

- a) Maternidade, parto inminente, embarazo de risco, paternidade, adopción ou acollemento legal nunha duración equivalente ao período legalmente establecido para as ditas situacións.
- b) Coidado de fillos/as menores de 12 anos ou familiares ao seu cargo, ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade non poidan valerse por si mesmos e demais supostos previstos na lexislación vixente en materia de igualdade, prevención da violencia de xénero e conciliación da vida persoal, familiar e profesional, de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas.
- c) Enfermidade da persoa aspirante, debidamente acreditada por parte médica emitido por facultativo do Sistema Público de Saúde no que se determine a incapacidade daquela para o desempeño de actividade laboral e nunha duración máxima equivalente á prevista na normativa legal para a situación de incapacidade temporal.
- d) Exercicio de funcións de representación sindical.
- e) Matrimonio ou unión de feito, debidamente acreditados mediante documento público.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

- f) Falecemento ou hospitalización de familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.
- g) Participación en programas de cooperación internacional debidamente autorizados ao servizo de organizacións de cooperación internacional.
- h) Por asistencia, debidamente xustificada, a cursos académicos oficiais.
- i) Por estar contratado/a no momento do chamamento noutra administración ou empresa ou ter previsto un contrato de maior duración no período que se lle ofertase.
- l) Calquera outra causa, de entidade suficiente, que se considere oportuna a criterio da Comisión de listaxes de contratación.

1.5.2. Acreditación

A persoa aspirante na que concorra algunha das causas de suspensión previstas na cláusula anterior deberá comunicar e acreditar debidamente a súa concorrencia ante o órgano competente para efectuar o chamamento, no momento no que se produza a circunstancia alegada; ou en todo caso, con anterioridade á formalización do oportuno contrato.

1.5.3. Prazo

A suspensión de chamamentos manterase ata que a persoa interesada comunique a súa dispoñibilidade alegando o remate da causa de suspensión. Para tal efecto, a persoa interesada deberá solicitar a reposición na lista a mediante escrito dirixido á División de Recursos Humanos ou correo electrónico enviado á conta listaxes.contratacion@crtvg.es.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 040
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

A súa reposición na lista farase nun prazo máximo de vinte e catro horas, computadas de luns a venres, dende que se reciba a solicitude na División de Recursos Humanos da CRTVG.

Informarase a Comisión de listaxes de contratación das suspensións e reposicións voluntarias en lista que se produzan.

1.5.4. Publicidade

As suspensións nos chamamentos e as reposicións nas listas darán lugar a unha actualización inmediata das listas publicadas na páxina web da CRTVG.

1.6. Formalización do contrato e período de proba

A División de Recursos Humanos da CRTVG formalizará o contrato de traballo na modalidade que corresponda conforme á normativa vixente para proceder á súa sinatura.

Para aqueles candidatos que traballen por primeira vez para a CRTVG e as súas sociedades establecerase o período de proba regulamentario a tales efectos, de acordo co establecido no artigo 22 do convenio colectivo da CRTVG.

Cando unha persoa aspirante sexa cesada pola non superación do período de proba que no contrato se estipule, haberá que atenerse ao disposto no punto 2.2 deste pacto.

Estarán exentas do período de proba as persoas aspirantes que xa o tivesen superado con ocasión de contratos temporais anteriores nas mesmas categorías na CRTVG anteriores á formalización do novo contrato.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es - www.crtvg.es

1.7. Revogación de contratos

De constatarse un erro no chamamento e posterior vinculación en favor dunha persoa que pola súa orde de puntuación non lle corresponde, procederase, no prazo dos quince días seguintes ao inicio da vinculación, á revogación do contrato.

Así mesmo, constituirá causa de revogación do contrato, a falta de incorporación efectiva, sen xustificar, do profesional ao desenvolvemento das funcións propias da categoría para o que foi chamado/a.

1.8. Excepcionalidades

Naquellos contratacóns temporais que precisen candidatos con coñecementos ou habilidades específicas, para produción propia de programas ou actividades que teñan substantividade propia, estarase ao previsto no artigo 26.2 do convenio colectivo.

1.9. Publicidade das listas

Co obxecto de que cada aspirante poida consultar tanto a súa posición nas listas como o estado da contratación temporal, as listas serán publicadas na páxina web da CRTVG e actualizadas cunha periodicidade mensual como mínimo.

Os prazos de actualización acortaranse unha vez finalice o oportuno desenvolvemento informático.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es - www.crtvg.es

2. RÉXIME DE PENALIZACIÓNNS

As penalizaciónns clasifícanse nos seguintes tipos:

2.1. Por renuncia ao contrato

- a) Pasará ao final da lista da súa categoría a persoa aspirante que rexeite sen xustificar o número de chamamentos para contratos de traballo que de seguido se indican:
- Catro rexeitamentos consecutivos no caso de chamamentos urxentes para contratos de curta duración.
 - Dous rexeitamentos consecutivos no caso de chamamentos non urxentes para contratos de curta duración.
 - Un rexeitamento no caso de chamamentos para contratos de longa duración.
- b) Será excluída da lista da súa categoría o aspirante que volva a incorrer nos supostos previstos de rexeitamento de chamamentos e fora penalizado con anterioridade pasando ao final da lista.

As penalizaciónns por renuncia ao contrato acordadas pola comisión de listaxes serán notificadas inmediatamente á persoa en cuestión e terán unha duración dun ano, contado desde a data do acordo.

2.2. Pola non superación do período de proba

Cando unha persoa aspirante sexa cesada pola non superación do período de proba que no contrato se estipule, quedará automaticamente excluída da lista.

A comisión de listaxes de contratación poderá, motivadamente, revisar a aplicación de tal medida de exclusión naqueles supostos en que, polas circunstancias concorrentes



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

se considere oportuno, así como acordar as medidas adicionais que se estimen convenientes.

A División de Recursos Humanos deberá comunicar á comisión de listaxes de contratación, no prazo dos dez días seguintes, os cesamentos que se produzan por tal motivo, e de existiren, as circunstancias que razoablemente motiven a revisión da medida de exclusión prevista no parágrafo primeiro.

2.3. Por incumplimientos graves

2.3.1. Na condición de aspirante en lista

Serán excluídas definitivamente da lista as persoas aspirantes que incorresen en incumplimentos moi graves derivados da súa calidade de persoa aspirante inscrita na lista da categoría correspondente.

Para tales efectos, considérase incumplimento moi grave, aquel feito que puidese ser constitutivo dun ilícito penal ou infracción administrativa grave ou moi grave dirixidos a modificar a posición da persoa aspirante na lista ou a xerar indebidamente o dereito a figurar inscrita na mesma.

2.3.2. No desenvolvemento da prestación de servizos

Os aspirantes que, por aplicación do réxime disciplinario establecido no convenio colectivo, foran sancionados cun despido, serán excluídos definitivamente das listaxes de contratación.



COMPAÑÍA DE
RADIO/TELEVISIÓN
DE GALICIA

San Marcos
15820 Santiago de Compostela
Tel.: 981 540 640
mail: crtvg@crtvg.es www.crtvg.es

3. REINCORPORACIÓN Á LISTA

As persoas aspirantes excluídas poderán solicitar a reincorporación ás listas ante a División de Recursos Humanos da CRTVG. O dito órgano resolverá expresamente as solicitudes presentadas, logo de acordo na Comisión de listaxes de contratación.

4. REVISIÓN DO PROCEDIMENTO

Este procedemento de xestión dos chamamentos poderá ser revisado no seno da Comisión de Listaxes en caso de que se estimase necesaria a súa actualización.

En Santiago de Compostela, a 8 de outubro de 2012.

C.I.F. G 1591001 A

Pola Empresa

Por A.R.G.

Por C.I.G.

Por U.S.O.

Por U.X.T.